


PROXECTO DOCUMENTAL

ANUAL 24-25

VIAXE MUSICAL



XUSTIFICACIÓN

É a música a linguaxe universal?

Ao longo da historia, a música considérase a linguaxe universal da humanidade, tanto por músicos e músicas coma por diferentes personaxes históricos/as.

Podemos expresar emocións, formas de pensar, sentimentos... para os que as palabras se poden quedar curtas.

Esperta emocións, sensacións e lembranzas únicas. Sendo de calquera cultura, país ou idioma é capaz de provocar sentimentos de alegría, tristeza, excitación ou calma, facemos chorar ou bailar. Axuda a regular as emocións, crea felicidade e relaxación na vida cotidiá.

A través da música, pode desenvolverse a intelixencia emocional, fomentar a sociabilidade, a tolerancia, empatía, traballo en equipo... sendo útil para crear unións sociais e fortalecer a autoestima.

Como recolle a LOMLOE, a educación artística ten moita importancia, xa que contribúe o desenvolvemento global do alumnado a nivel sensorial, psicomotriz, intelectual, social e comunicativo, emocional e afectivo, estético e creativo e a súa autonomía.

Desencadea mecanismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na formación integral do alumnado, tanto de maneira individual como grupal.

Dá continuidade ao desenvolvemento que iniciou o alumnado en educación infantil a nivel expresivo e comunicativo, e senta as bases para que o alumnado poda desenvolver en mellores condicións as competencias artísticas na secundaria.

Desenvólvese a través da reflexión e creación: comprendendo, desfrutando e valorando a cultura na que vive, desenvolvendo o sentido crítico.

A música, favorece a experimentación, expresión e produción artística de xeito progresivo, explorando o alumnado diversas técnicas sonoras e corporais, para a creación das súas propias creacións, a partir de ferramentas, instrumentos e materiais variados. O obxectivo é que o alumnado investigue e experimente, de xeito lúdico e creativo, tanto de xeito individual como colectivo.

A expresión artística é algo connatural ao ser humano dende a orixe dos tempos. As diferentes manifestacións artísticas están presentes no entorno e vida das persoas formado parte do propio ser e do patrimonio cultural.

Non hai que esquecer a contribución das mulleres á evolución da música e danza, aspecto que favorecerá que o alumnado adquira as competencias que lle permitan conseguir unha visión igualitaria da sociedade.

OBXECTIVOS

- Poñer en contacto ao alumando con diferentes estilos musicais, achegándoos a diferentes realidades e enriquecendo a súa bagaxe musical.
- Desfrutar coa audición de pezas musicais de diferentes estilos, épocas e lugares.
- Coñecer e desfrutar das tradicións musicais propias e de outras zonas do mundo.
- Identificar as diferentes emocións que provocan as diferentes composicións musicais
- Desenvolver a escoita activa, expresión oral e creatividade.
- Desenvolver o gusto por diferentes estilos musicais.
- Coñecer e valorar a aportación das mulleres á música.
- Valorar a diversidade cultural propia e doutras zonas, como fonte de enriquecemento persoal.
- Familiarizarse co mapa do mundo.
- Ampliar vocabulario relacionado coa música, estilos, instrumentos, floclore...
- Revisar e ampliar a dotación que na biblioteca hai sobre a música.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS.

✓ CCL: Competencia en comunicación lingüística.

Ampliación dos coñecementos de vocabulario musical cos nomes de estilos musicais, de instrumentos, bailes, análise das letras das cancións...

✓ CP: Competencia plurilingüe.

No estudo e desenvolvemento de actividades, nos que se traballe a música tradicional galega, as cantigas, cancións de oficios, cantigas populares...

Contribúese ao respecto da diversidade lingüística da zona e do mundo co traballo de músicas tradicionais de diferentes partes do mundo e linguas.

✓ STEM: Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

Na reprodución de música, cancións e bailes, seguimos uns patróns, repeticións, números, simetrías, proporcións... para levalas a cabo.

✓ CD: Competencia dixital.

Desenvolvese a capacidade de busca e tratamento da información musical, para transformala en coñecemento.

Favorece o uso das tecnoloxías, tanto a nivel textual, informativo, sonoro e visual como un modo de producir coñecemento.

✓ CPSAA: Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

En diferentes actividades o alumnado terá que buscar información, analizala, organizala para o seu traballo na clase. Potenciase o traballo cooperativo á hora de facer murais, postas en común, traballando o sentido crítico e a reflexión.

✓ CC:Competencia cidadá.

No traballo en equipo, respectando as diferentes opinións, diferenzas culturais.

Empregando material de refugallo, facendo un uso responsable dos materiais a empregar, reducindo, reutilizando e reciclando.

✓ CE: Competencia emprendedora.

Na preparación do evento da exposición: selección de espazo, distribución do materias, invitacións á comunidade educativa, divulgación do proxecto...

✓ CCEC: Competencia en conciencia e expresións culturais.

Axúdase a valorar e respectar a diversidade cultural co desfrute de diferentes manifestacións musicais, bailes e cancións.

Expresan os coñecementos e emocións a través de debuxos, paneis e representacións musicais.

Este proxecto levarase a cabo no curso académico 2024/2025.

Dividirase en tres bloques a desenvolver en cada un dos trimestre co seguinte enfoque:

- **Primeiro trimestre:** desfrutarase de audicións de estilos musicais de diferentes épocas, quedando rexistrados os resultados das actividades e traballos de investigación en paneis interactivos elaborados polo alumnado.
- **Segundo trimestre:** cada curso afondará nun estilo musical/baile dun dos continentes, investigando os aspectos máis relevantes: situación do país no mapa, instrumentos que emprega, vestimenta, baile, tradicións... Recollerase a información en diferentes soportes. Na celebración do Entroido, cada curso representará o baile que investigou.
- **Terceiro trimestre:** levarase a cabo unha investigación da música do entorno. Agrupacións musicais, músicas de xogos, de labores do campo, nanas, cantigas... recompilando fotografías, obxectos e material audiovisual.

Ao longo de todo o curso levaranse a cabo outras actividades relacionadas co proxecto como contacontos, visitas de músicos/as ou agrupacións musicais, explicación do alumnado que toca algún instrumento, saídas a museos, elaboración de instrumentos, karaoke nos recreos... e as que podan xurdir relacionadas co proxecto.

No proxecto está implicada todo o alumnado e profesorado, así coma as familias, AFA do centro, Concello e diferentes entidades sociais da zona.

O produto final do proxecto é unha exposición para toda a comunidade educativa. Estarán expostos os traballos elaborados polo alumnado: murais, instrumentos, recompilación de fotografías, visualización das actuacións do entroido e letras galegas....